

INSTRUCCIÓN DE MATRÍCULA E INFORMACIÓN PRBAS DE ACCESO 1º GP

Enviar ao correo electrónico matricula.cmus.xanviano@edu.xunta.gal a seguinte documentación:

- Impreso escaneado ou foto da **matrícula debidamente cuberto** con **LETRA MAIÚSCULA**.
- Xustificante das taxas correspondentes. Pódese realizar o pago da matrícula telemáticamente, pero no caso de que non fose posible, poden solicitar un impreso de pago no conservatorio en horario de mañan ou ben o alumno/a (alumnos/as matriculados/as actualmente no centro) poden solicitalo pola tarde en conserxería, cando acudan a algunha das súas clases.
- 1 Foto tamaño carné actualizada
- Copia do DNI ou NIE ou ben copia do libro de familia onde figure o alumno.
- Familia numerosa: Copia do Libro de Familia numerosa actualizado.
- Alumnos que sexan funcionarios/as dos corpos docentes establecidos na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (Decreto 89/2013): Certificado de Persoal onde conste a situación de funcionario en activo .
 - * AVISO: A GRATUIDADE DA MATRÍCULA PODE APLICARSE UNICAMENTE A PRIMEIRA VEZ QUE REALIZA A PROBA
- Persoas cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33%: Copia compulsada do certificado ou resolución sobre o recoñecemento do grao de discapacidade.
- As vítimas de actos terroristas, así como os seus cónxuxes e fillos están exentos do pago dos prezos públicos, a acreditación desta condición deberase realizar documentalmente ao formalizar a matrícula
- As vítimas violencia de xénero, así como os seus fillos/as están exentos do pago dos prezos públicos, a acreditación desta condición deberase realizar documentalmente ao formalizar a matrícula
- Alumno desprazado polo conflito de Ucraína, solicitude ou resguardo acreditativo de presentación da solicitude de recoñecemento individual da protección temporal para as persoas afectadas polo conflito en Ucraína expedido pola Policía Nacional ou a resolución de concesión da protección temporal expedida polo Ministerio do Interior, de acordo co procedemento determinado na Orde PCM/169/2022, de 9 de marzo.

REQUISITOS PARA INGRESAR NO GRAO PROFESIONAL

1º DE GRAO PROFESIONAL: Será preciso superar unha proba de acordo co disposto no Decreto 203/2007 (DOG do 31 de outubro de 2007).